TA5650267668 TA5650272321 TA5650272484 19/10/15	Telefónica de España, S.A.U. / A-82018474	Recibo teléfono xulgado de paz Recibo teléfono ascensor concello Recibo teléfono oficinas concello	27,64 € 17,47 € 439,22 €

## **5.2.- SOLICITUDE SERVIZO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA**

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

### **<<INFORME SOCIAL**

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos sociais

**INFORME EMITIDO POR:** M<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo

**DATA DO INFORME:** 29/10/2015

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:*

### **1.- NOVO ANDRADE AURORA - FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA**

## VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 2.- CABO VÁZQUEZ MARÍA - **FISIOTERAPIA**

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 3.- SEOANE MELLA MANUEL LUÍS - **FISIOTERAPIA**

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 4.- GARCÍA SÁNCHEZ MARÍA - **FISIOTERAPIA**

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 5.- AGUIÓN PORTOS RAMÓN - **FISIOTERAPIA**

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

### 6.- VÁZQUEZ SOUTO MARÍA - **FISIOTERAPIA**

#### VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

*Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>*

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro municipal de maiores a Xunta de Goberno Local, **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a Aurora Novo Andrade, María Cabo Vázquez, Manuel Luís Seoane Mella, María García Sán-

chez, Ramón Aguión Portos e María Vázquez Souto e no servizo de podoloxía a Aurora Novo Andrade.

**SEGUNDO.-** Notificar aos beneficiarios/as deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberán adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro de 2015. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non serán atendidas polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

### **5.3.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE OUTUBRO 2015**

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de data 29/10/2015 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 24/09/2015 e o 29/10/2015 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1.- Que na lista de usuarios de servizo de axuda no fogar de libre concorrencia existen as seguintes variacións:

.- En data 21/10/2015 Dna. María Segade Mella pasa a recibir o servizo a través da modalidade de dependencia.

.- Dáse comezo o servizo por urxencia no domicilio da menor Xoana Ares Fandiño o día 18/10/2015 (Resolto por decreto da alcaldía 536/2015 de 16/10/2015). Na súa valoración acadada unha puntuación total de 22 puntos.

2.- Que contempladas esta variacións a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar queda tal e como se transcribe literalmente:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRENCIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2 , Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	2 puntos	37 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
Celia Codesido Sesto Lg. Corredoiras, Ánxeles	30 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Engracia Vázquez Vázquez Lg Vilar, Sendelle, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	31 puntos
Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Xoana Ares Fandiño R/ Castro nº 6, Corredoiras, Ánxeles	0 puntos	9 puntos	9 puntos	4 puntos	22 puntos

Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	5 puntos	0 puntos	4 puntos	19 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Emilio Somoza Segade Lg Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	5 puntos	6 puntos	0 puntos	1 puntos	12 puntos
Mª Remedios Castro Novo Lg Lobomorto, Arceo, Boimorto	0 puntos	5 puntos	0 puntos	6 puntos	11 puntos
Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 puntos	9 puntos
Teresa Agra Pampín Rúa Gándara	5 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	5 puntos

2º.- Que hai dúas variacións na lista de usuarios de axuda no fogar por dependencia con respecto ao mes anterior: causa baixa o 21/10/2015 Dna Carmen Costoya Brea por traslado do seu domicilio ao municipio de Coruña e causa alta 21/10/2015 María Segade Mella, quedando tal como se transcribe literalmente:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
María Felpete Costoya Boimorto	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Coteló Felpete Boimorto	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuel Pérez García r) Estrada de Lanza, Boimorto	Grado III nivel 1, 55 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Jesús Manuel Rúa Quintela Lg Quiño, Rodieiros, Boimorto	Grado III, entre 46 e 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José Mª Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado II, 21 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Rafael Fernández Mato Lg Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Antonio Corral Boado Lg. Piñeiro núm. 8 - Cardeiro	Grao III, entre 46 a 70 horas mensuais concedidas e só 45 efectivamente prestadas por petición da familia.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Antonio García Salgueiros Lg. Barral núm. 7 - Mercurín	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só se lle pode prestar real e efectivamente 55 horas por ser as únicas que temos dispoñibles
Carmen Varela Bravo Lg Gárdoma, Boimil	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle	Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas.

María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
--	---

3º.- Que quedan horas pendentes de adjudicar por dependencia e que se está á espera de que os usuarios decidan si queren recibir o servizo ou non.

3º.- Que a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia é a seguinte:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 5º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 6º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 7º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 8º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
- 9º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
- 10º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 11º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 12º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 13º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.
- 14º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 29 de outubro de 2015

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo  
Traballadora social>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

**PRIMEIRO.-** Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 29 de outubro de 2015.

**SEGUNDO.-** Aprobar a lista de usuarios que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionada nos considerandos deste acordo.

**TERCEIRO.-** Facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 5º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 6º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 7º.- Elisa María Bao Castro, 21 puntos.
- 8º.- Aurora Novo Andrade, 20 puntos.
- 9º.- Mercedes Carreira Vázquez, 19 puntos.
- 10º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 11º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 12º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 13º.- Dolores Novo Giao, 13 puntos.



14º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

**5.4.- APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDIA Nº 495/2015 DE DATA 28/09/2015, POLO QUE SE APROBOU A CONVOCATORIA E BASES PARA ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA AS ACTIVIDADES DO CURSO 2015-2016**

Pola secretaria dáse conta do Decreto ditado pola Alcaldía nº 495/2015 de data 28/09/2015, polo que se aprobou a convocatoria e bases para establecemento dos prezos públicos para as actividades do curso 2015-2015, que transcrito literalmente di:

<<**Decreto:** 495 / 2015 **Data decreto:** 28/09/2015 **Descrición decreto:** Convocatoria e aprobación das bases para establecemento dos prezos públicos para as actividades do curso 2015-2016.

**DON GONZALO CONCHEIRO COELLO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA )**

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que rexerán os prezos públicos para as actividades do curso 2015-2016 redactadas en data 14/09/2015 polo técnico deportivo e que a continuación se reproducen literalmente:

**<<BASES PARA CONVOCATORIA E ESTABLECEMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS PARA AS ACTIVIDADES DO CURSO 2015-2016:**

**1.- Obxeto.**

O obxeto destas bases e o establecemento de prezos públicos para as seguintes actividades que serán realizadas neste Concello no curso 2015-2016:

➤ **Ximnasia de mantemento por parroquias:** Actividade que mellora a nosa saúde física con diversos exercicios de tonificación, flexibilidade... xogos e deportes adaptados ó grupo. De 16 anos en adiante.

Horario: De luns a xoves, en diversos horarios e parroquias.

Instalacións: pavillón polideportivo de Boimorto e locais sociais das diversas parroquias.

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para dita actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

➤ **Multideporte:** Iniciación divertida a varios deportes: baloncesto, balonmán, atletismo, voleibol, lacrosse, béisbol,... Posibilidade de competir a minideportes.

Como todo deporte, nesta actividade promoverase a educación en hábitos saudables e valores.

Idade: Nenos de entre os 6 a 11 anos.

Horario: martes de 15:45 a 16:45

Instalación: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

➤ **Xogos psicomotores:** Xogos para a adquisición das habilidades motrices básicas ( traballo de coordinación, equilibrio, saltos, lanzamentos, xiros, golpes...)

Idade: 3 a 5 anos (nenos de educación infantil)

Horario: 2 sesións semanais , martes e venres, no recreo do colexio 14:00 a 14:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

➤ **Patinaxe:** Aprender a patinar mediante xogos, ritmo, cooperación, imitación, creatividade, etc. Mellora das habilidades de deslizamento e aumento do control corporal e postural sobre os patíns.

Idade: 6 a 15 anos

Horario: martes de 16:55 a 17:55 para ESO e 4º, 5º e 6º de Primaria e xoves de 16:55 a 17:55 para 1º, 2º e 3º de Primaria.

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

➤ **Fútbol sala:** Iniciación e mellora do fútbol sala a través de exercicios técnicos, tácticos e físicos e xogarán partidos de fútbol sala na competición deportiva en idade escolar. Os partidos serán os venres pola tarde ou sábados pola mañá.

Como todo deporte, nesta actividade promoverase a educación en hábitos saudables e valores.

Idade: Segundo categoría (Serán equipos masculinos, femininos ou mixtos miraremos as posibilidades)

Prebenxamín (6-7 anos)

Benxamín (8-9 anos)

Alevín (10-11 anos)

Infantil (12-13 anos)

Cadete (14-15 anos)

Horario: luns de 16:55 a 17:55 e xoves de 15:45 a 16:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

➤ **Bádminton:** Iniciación e mellora do bádminton a través de exercicios técnicos, tácticos e físicos e xogarán partidos na competición deportiva en idade escolar. Os partidos serán os venres pola tarde ou sábados pola mañá.

Como todo deporte, nesta actividade promoverase a educación en hábitos saudables e valores.

Idade: Segundo categoría

Prebenxamín: (6-7 anos)

Benxamín (8-9 anos)

Alevín (10-11 anos)

Infantil (12-13 anos)

Cadete (14-15 anos)

Horario: luns e venres de 15:45 a 16:45

Lugar: Pavillón polideportivo de Boimorto

Prezo: a cota será de 10 € mensuais. Estarase exento do pago mensual establecido para a actividade si se posúe o carné individual ou carné familiar de socio tempada de piscina municipal descuberta e ximnasio municipal: 10€ anuais carné individual ou 20€ anuais carné familiar; motivando dita exención no fomento da participación en actividade deportiva e cultural. Mínimo 10 inscritos.

### **Prazo para anotarse**

O prazo para as inscricións para as actividades infantís e adultos será ata o día 1 de outubro de 2015

Os empadroados terán preferencia en todas as actividades que se realicen.

### **Data de inicio das actividades**

As actividades comezarán a semana do 5 de outubro, se hai o número mínimo de participantes en cada actividade, senón atrasarase o seu inicio. Só se avisará por teléfono das actividades que se atrasen ou anulen, non se chamará para as actividades que comececen con normalidade a semana do 5 de outubro.

O concello poderá modificar/cancelar a programación da actividade en caso de non haber o número mínimo de participantes. Avisarase a cada persoa en caso de modificar o plan establecido.

## **Datas nas que se suspenden as actividades municipais**

Durante as actividades haberá varios días que se suspenderán as actividades para os adultos, estas datas serán:

A. *Nadal*: dende o 21 de decembro ata o 30 de decembro (ambos inclusive)

B. *Entroido*: 8 e 9 de febreiro

C. *Semana Santa*: dende o 24 ao 28 de marzo (ambos os dous inclusive).

As actividades infantís suspenderanse nas datas das vacacións escolares (Nadal, Entroido e Semana Santa) e días en que non haxa colexio e días en que non haxa colexio (días propios que colle o colexio, folgas, etc.) ou saian antes do horario habitual.

Os días festivos non haberá actividades nin de nenos nin de adultos.

## **2.- Obrigados ao pagamento**

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 1, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago dos prezos das distintas actividades efectuarase do seguinte modo:

- ximnasia de mantemento por parroquias, multideporte, xogos psicomotores, pequebaile, patinaxe, fútbol sala e bádminton.

O 100% ó que se completen o mínimo de persoas para que se leve a cabo a actividade e se de trámite á solicitude de inscrición.

## **3.- Contía**

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios dos servizo/s e actividades culturais e deportivas organizadas por este Concello.

- Ximnasia de mantemento por parroquias
- Multideporte
- Xogos psicomotores 10 € mensuais. Exentos de pago os socios con carné
- Patinaxe
- Fútbol sala
- Bádminton

Motivando ditas exencións no fomento da participación en actividade deportiva e cultural.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordan que están conformes coas bases e co prezo público; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

## **4.- Bonificacións e exencións**

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase de actividades nas que non se busca o fomento da participación familiar.

## **5.- Obriga de pagamento**

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse ou no caso de ser actividades con pago mensual, dito pago farase antes do día 5 de cada mes.

Boimorto, 14 de setembro de 2015

O Director Técnico Deportivo

César Buján Barral>>

En uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de bases de réxime local polo presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos das actividades culturais e deportivas do curso 2015-2016, redactadas polo Director Técnico Deportivo tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

- Ximnasia de mantemento por parroquias
- Multideporte
- Xogos psicomotores                      10 € mensuais. Exentos de
- Patinaxe                                      pago os socios con carné.
- Fútbol sala
- Bádminton

**SEGUNDO.-** Dar publicidade deste programa e bases aos efectos oportunos.

Boimorto vinteito de setembro de dous mil quince

Perante min:

O Alcalde

A secretaria

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

Asdo.- Carmen Gómez Otero>>>

Tendo en conta que este asunto é competencia da Xunta de Goberno Local, tal como dispón o artigo 3 do acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos, culturais, deportivos e análogos do Concello de Boimorto aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada con data 29/10/2009, publicado no BOP nº 240 de data 10/11/2009, con modificación aprobada en sesión ordinaria plenaria de data 28/10/2010, publicada no BOP nº 35 de data 8/11/2010.

Visto o informe do técnico deportivo César Buján Barral de data 28/08/2015 no que informa que o prezo público cubre o custo do servizo, a Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

**ÚNICO.-** Ratificar o decreto da Alcaldía nº 495/2015 de 28/09/2015 polo que se aprobou a convocatoria e bases para establecemento dos prezos públicos para as actividades do curso 2015-2016.

**5.5.- APROBACIÓN DA RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDIA Nº 535/2015 DE DATA 16/10/2015, POLO QUE SE APROBOU A CONVOCATORIA E BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADES CULTURAL DO MAGOSTO 2015**

Pola secretaria dáse conta do Decreto ditado pola Alcaldía nº 535/2015 de data 16/10/2015, polo que se aprobou a convocatoria e bases para establecemento do prezo público da actividade cultural do magosto 2015, que transcrito literalmente di:

<<**Decreto:** 535 / 2015 **Data decreto:** 16/10/2015 **Descrición decreto:** convocatoria bases para establecer o prezo público da actividade cultural do magosto 2015.

**DON GONZALO CONCHEIRO COELLO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA )**

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento

do prezo público con motivo do magosto redactadas en data 13/10/2015 pola técnica de normalización lingüística e que a continuación se reproducen literalmente:

**<< BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CULTURAL DO MAGOSTO 2014.**

1.- Obxecto.

O obxecto destas bases é o establecemento do prezo público para a actividade de magosto 2015:

Magosto para toda a veciñanza de Boimorto. Despois do éxito dos anos anteriores citamos a veciñanza este ano 2015 a un novo magosto na Telleira sita en Boimil. Haberá churrasco e castañas para todos/as ademais de actuacións de música tradicional. Celebrarémolo o sábado 14 de novembro de 2015. O límite para anotarse e desde a publicación da actividade ata o 9 de novembro e poderase facer na casa do concello, no centro social de maiores ou chamando ó 981 516 020. Esperamos a vosa asistencia e xuntarnos como se facía antano nunha noite de festa e troula. O prezo é de 6€ para os maiores de 12 anos. O número mínimo de participantes será de 50.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que participen nesta actividade cultural organizada por este Concello.

3.- Contía

A contía para participar no magosto será de 6€/participante maior de 12 anos, que incluíra churrasco e castañas asadas.

4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas bonificacións nin exencións para estas actividades.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a anotación de participación na actividade sinalada. A actividade do magosto será o 100% ó que se completen o mínimo de persoas para que se leve a cabo a actividade.

Boimorto, 13 de outubro de 2015

Técnica de normalización lingüística

Asdo.-Sylvia Cea Vázquez.>>

Visto o informe da técnica Sylvia Cea Vázquez de data 13/10/2015 no que informa que o prezo público cubre o custo do servizo, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**-Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público da actividade cultural magosto 2015, redactadas pola técnica de normalización lingüística, tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en:

Magosto: a contía para participar no magosto será de 6€/participante maior de 12 anos que incluíra churrasco e castañas asadas.

**SEGUNDO.**- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Boimorto dezaseis de outubro de dous mil quince

Perante min:

O Alcalde

A secretaria

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

Asdo.- Carmen Gómez Otero>>

Tendo en conta que este asunto é competencia da Xunta de Goberno Local, tal como dispón o artigo 3 do acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos, culturais, deportivos e análogos do Concello de Boimorto aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada con data 29/10/2009, publicado no BOP nº 240 de data 10/11/2009, con modificación aprobada en sesión ordinaria plenaria de data 28/10/2010, publicada no BOP nº 35 de data 8/11/2010, a Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

**ÚNICO.-** Ratificar o decreto da Alcaldía nº 535/2015 de 16/10/2015 polo que se aprobou a convocatoria e bases para establecemento do prezo público da actividade cultural do magosto 2015.

**5.6.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA SOLICITANDO O REINTEGRO DA CANTIDADE ABONADA EN CONCEPTO DE IBI, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015 DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL**

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido pola secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, con rexistro de entrada neste Concello co número 2645 en data 19/10/2015, no que solicita o reintegro da cantidade abonada por esa Administración en concepto de IBI, correspondente ao exercicio 2015 por importe de 156,37 €uros da antiga Cámara Agraria Local cedida a este Concello, así mesmo, comunica que non teñen constancia do pago da cantidade reclamada polo IBI aboado no 2014, que ascende tamén a 147,49 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan por unanimidade:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o reintegro da cantidade aboada pola Xunta de Galicia en concepto de IBI da antiga Cámara Agraria Local por importe de 156,37 €uros.

**SEGUNDO.-** Comunicar a secretaria xeral técnica e do Patrimonio que segundo consta na tesourería municipal o recibo da anualidade 2014 foi aboada telematicamente en data 20-11-2014.

**TERCEIRO.-** Unha vez realizado o pago do recibo de 2015 remitir copia dos resgardo do ingreso das dúas anualidades para a súa comprobación no Tesouro da Xunta de Galicia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 15:10 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

**DILIXENCIA.-** Para facer constar que a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 29 de outubro de 2015 está transcrita nos folios da Serie A do nº 3070353 ao nº 3070363

A SECRETARIA,